

A actividade física e o deporte como saída profesional

Coa actual e profunda crise económica na que vivimos, antóllase difícil falar de demanda profesional. Con todo, hai certos sectores específicos que son máis demandados que outros. Dentro destes quero propoñer e destacar o campo da actividade física e o deporte como un sector en auxe, en gran medida, debido a que cada vez hai maior nivel de sedentarismo da sociedade, aumentan os problemas físicos e cardiovasculares, ou pola simple tensión causada pola vida cotiá. Iso leva a que numerosas empresas e institucións demanden a profesionais relacionados coa actividade física e o deporte. Con este artigo preténdese aclarar un pouco o panorama laboral deste campo para as persoas que estean interesadas en enfocar a súa vida profesional ao deporte e a actividade física.

Actualmente temos diferentes opcións formativas:

a) Licenciatura ou graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.

Para acceder a esta licenciatura ou grao débese ter aprobado o Bacharelato en calquera das súas modalidades e a Selectividade. Esta licenciatura impártese nas facultades de ciencias da actividade física e o deporte das distintas universidades e ten unha duración de catro ou cinco cursos (segundo o centro).

b) Mestre/a especialista en Educación Física. Para acceder a esta diplomatura débese ter aprobado o Bacharelato en calquera das súas modalidades e a Selectividade no caso de acceder a unha Universidade Pública. Tamén hai Universidades Concertadas e Privadas nas que se hai prazas libres non é necesario ter aprobada a Selectividade. Esta titulación impártese en todas as Facultades de Ciencias da Educación do noso país e consta de tres cursos académicos.

c) Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas(ciclo formativo de grao superior). Terán acceso directo o alumnado que posúa o título de bacharelato. Tamén terán acceso directo os alumnos/ as que teñan aprobado a Formación Profesional de grao medio ou estudos equivalentes relacionados coa Actividade Física e Deportiva. As persoas que teñan 25 anos cumpridos e que non cumpran os requisitos poden acceder superando unha proba onde acredite a súa madurez e as capacidades correspondentes ao campo profesional de que se trate.

d) Técnico en Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural(ciclo formativo de grao medio). Terán acceso directo os alumnos/ as que teñan aprobada a E. S.O. Poderán ter tamén acceso mediante unha proba específica aquelas persoas que cumpran polo menos ún destes requisitos:

Estes estudos pódense cursar nalgúns Institutos de Ensino Secundario e consta dun curso académico e un trimestre de duración (1.400 horas). Algunhas materias do plan de estudo son: Desprazamento, estancia e seguridade no medio terrestre; Condución de grupos en bicicletas, dacabalo e coidados equinos básicos;

Administración, xestión e comercialización na pequena empresa; Dinámica de grupos, Actividades físicas para persoas con discapacidades, etc.

e) Outras titulacións recoñecidas.

Ademais das titulacións expostas, existen outras posibilidades de obter outras titulacións menores relacionadas co deporte.

Ditas titulacións ou cursos son impartidos polas distintas Federacións Deportivas, as Escolas de Adestradores ou Colexios de árbitros ou xuíces.

– Monitor – Técnico Deportivo ou Adestrador – Socorrista acuático – Xuíces e árbitros deportivos. – Operario de pista. – Animador deportivo

Profesións relacionadas coa actividade física

a) O/a licenciado/a ou graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte

ten como saídas profesionais as seguintes:

– Profesor/a de Educación Física no Ensino Secundario nun Centro Público a través de oposición ou en centros educativos concertados e privados sen ter que superar un proceso de oposición.

– Dirección ou Asesoría Técnica en Concellos, Padroados de Deportes, Deputacións, etc.

– Dirección de clubs deportivos ou ximnasios privados. Preparador Físico na alta competición, os clubs deportivos demandan a estes profesionais.

– Funcionario en Concellos, Comunidades Autónomas integrados nos Servizos de Deportes correspondentes.

b) O/a mestre/a especialista en Educación Física

Ten as seguintes saídas profesionais.

– Mestre/a de Educación Física no Ensino Primario, ben como funcionario superando a oposición correspondente ou contratado por un centro privado ou concertado.

– Dirección de clubs deportivos ou ximnasios privados.

Responsable de Servizos Deportivos en Concellos, Deputacións, etc.

Coordinador de actividades extraescolares deportivas, a través de empresas privadas de lecer e tempo libre.

c) Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas (ciclo formativo de grao superior).

Estes profesionais están capacitados para o ensino e dinamización de actividades físicas, deportivas e recreativas en Padroados Deportivos, Clubs, Ximnasios, Hoteis, etc. Así como para a organización e xestión de pequenas empresas de actividades de tempo libre.

– Empresas de servizos deportivos. Padroados deportivos ou entidades deportivas municipais. Clubs ou asociacións deportivas, e/ou de carácter social.

d) Técnico Deportivo. Estas persoas van ser demandado polos distintos clubs e federacións deportivas relacionadas coa disciplina do titulado. Tamén é demandado

por empresas de lecer que ej executan programas educativos para institucións (actividades extraescolares por exemplo) ou por institucións locais para levar a cabo unha actividade deportiva dentro do programa municipal.

ENLACES DE INTERESE:

<https://www.emagister.com/blog/profesiones/deportes/>

<http://fcced.uvigo.es/es/avisos/guia-informativa-das-probas-de-aptitude-fisica/>

<https://estudos.udc.es/es/study/admission/620g01v01>